


MEMORIA E ANEXOS



**CONCELLO DE
SANTIAGO**

PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN DE MELLORA DA MOBILIDADE
E ACCESIBILIDADE DO BARRIO DE VISTA ALEGRE. FASE III.

VISTA ALEGRE. SANTIAGO DE COMPOSTELA.

agosto 2015

Promotor: Excmo. Concello de Santiago de Compostela

EZCURRA e OUZANDE ARQUITECTURA S.L.P.
arquitectas: Cristina Ouzande Lugo.
Cristina Ezcurra de la Iglesia.

Rúa do Vilar 23, 2º · 15705 · Santiago de Compostela
info@ezcurraouzande.com · www.ezcurraouzande.com
T-F 881 031 451

PROXECTO, DIRECCIÓN DE OBRA, DIRECCIÓN DE EXECUCIÓN E COORDINACIÓN DE SEGURIDADE E SAÚDE DAS OBRAS DE MELLORA DA MOBILIDADE E ACCESIBILIDADE DO BARRIO DE VISTA ALEGRE, FASE III.

O presente documento foi redactado por CRISTINA OUZANDE LUGO E CRISTINA EZCURRA DE LA IGLESIA, EZCURRA E OUZANDE ARQUITECTURA S.L.P., para o CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA e desenvolve o contrato de redacción do **PROXECTO, DIRECCIÓN DE OBRA, DIRECCIÓN DE EXECUCIÓN E COORDINACIÓN DE SEGURIDADE E SAÚDE DAS OBRAS DE MELLORA DA MOBILIDADE E ACCESIBILIDADE DO BARRIO DE VISTA ALEGRE FASE III**, promovido polo Concello de Santiago de Compostela.

Na elaboración do traballo participou o seguinte equipo técnico:
CRISTINA OUZANDE LUGO e CRISTINA EZCURRA DE LA IGLESIA,
EZCURRA E OUZANDE ARQUITECTURA S.L.P.

Arquitectura:
Cristina Ezcurra de la Iglesia
Cristina Ouzande Lugo
Arquitectura

Julio Pedreira Rico
Antonio Blanes Mateo
Delineación y maquetación.

Quicler-López enxeñeiros s.l.
Enxeñería

Pedro Zapata Roel
Topografía.

FT Consultores
Xeotecnia

Santiago de Compostela, Agosto de 2015

PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN DAS OBRAS DE MELLORA DA MOBILIDADE E ACCESIBILIDADE DO BARRIO DE VISTA ALEGRE. FASE III.

ÍNDICE

DOC. Nº 1. MEMORIA E ANEXOS

- 1.1. MEMORIA DESCRIPTIVA
- 1.2. MEMORIA CONSTRUCTIVA
- 1.3. EXPROPIACIÓNS
- 1.4. PROPOSTAS DO PLAN DE OBRA E PRAZO DE EXECUCIÓN
- 1.5. PRAZO DE GARANTÍA
- 1.6. ORZAMENTO
- 1.7. REVISIÓN DE PREZOS
- 1.8. CLASIFICACIÓN DO CONTRATISTA
- 1.9. DOCUMENTOS QUE INTEGRAN O PROXECTO
- 1.10. DECLARACIÓN DE OBRA COMPLETA

ANEXO 1 ACCESIBILIDADE

ANEXO 2. PLAN DE OBRA

ANEXO 3. XUSTIFICACIÓN DE PREZOS

ANEXO.4. ESTUDO XEOTÉCNICO

ANEXO.5. CONTROL DE CALIDADE

ANEXO.6. XESTIÓN DE RESIDUOS

ANEXO 7. DOSIER DE FOTOGRAFÍAS

DOC. Nº 2. PREGO DE CONDICIÓN DA URBANIZACIÓN

- 2.1. PREGO XERAL
 - CONDICIÓN XERAIS
 - CONDICIÓN FACULTATIVAS
 - CONDICIÓN ECONÓMICO-ADMINISTRATIVAS
 - CONDICIÓN LEGAIS
- 2.2. PREGOS PARTICULARES
 - CONDICIÓN TÉCNICAS
 - XARDINERÍA

DOC. Nº 3. ORZAMENTO

- 3.1. RESUMO ORZAMENTO
- 3.2. MEDICIÓN E PRESUPUESTO
- 3.3. PREZOS DESCOMPOSTOS
- 3.4. PREZOS UNITARIOS

DOC. Nº 4. MEMORIA DE INSTALACIÓN

- 4.1 SANEAMENTO
 - ANEXOS DE CÁLCULO SANEAMENTO
 - ANEXO DE CÁLCULO DE SANEAMENTO PLUVIAL
- 4.2 ABASTECIMIENTO DE AUGA POTABLE
- 4.3 GAS NATURAL
- 4.4 ENERXÍA ELÉCTRICA
- 4.5 COMUNICACIÓN
- 4.6 ALUMEADO PÚBLICO
 - ANEXOS DE CÁLCULO DE ILUMINACIÓN
 - I. CÁLCULO DE ILUMINACIÓN
 - II. CÁLCULOS ELÉCTRICOS ILUMINACIÓN
- 4.7 REDE SEMAFÓRICA E DGT
- 4.8 SOTERRAMENTO DE CONTEDORES DE LIXO E RECICLAXE
- 4.9 CONSIDERACIÓN FINAIS

DOC. Nº 5. ESTUDIO DE SEGURIDADE E SAÚDE

DOC. Nº 6. PLANOS

DOCUMENTO Nº 1.

MEMORIA E ANEXOS

1.1. MEMORIA DESCRIPTIVA

1. Descrición da proposta e parámetros urbanísticos:

O Plan Xeral delimita o ámbito do Sector de Vista Alegre, e cualificado como Chan Urbano regulado pola Ordenanza Especial 1R (OE-1R).

A descrición da situación actual do barrio e as directrices a seguir especificáanse no *Estudo de Detalle para a Rehabilitación Integral do Barrio de Vista Alegre* de Maio de 2008:

"A formación do barrio corresponde á execución en tres fases dun grupo de edificios de vivendas de protección oficial dos anos 70 e 80. As dúas primeiras fases, dos anos 1970 e 1978, teñen características similares, non dispoñen de ascensor, e teñen unha peculiar localización do portal de acceso ás vivendas nas terrazas públicas situadas ao nivel da primeira planta. Mentres que a última fase, do ano 1987, ten unhas condicións arquitectónicas aceptables (fachadas coidadas, terrazas privadas e ascensores interiores).

Estas características arquitectónicas dos edificios, xunto coa mala urbanización do conxunto, que mantén un absoluto desaxuste das rasantes dos edificios e rúas, e ata o acceso a algunha rúa a través dun paso subterráneo, produce nalgúns partes do ámbito un espazo urbano de moi mala calidade."

Despois das intervencións levadas a cabo nas Fases I e II, nas que a primeira e mais importante actuación a levar a cabo e condición de partida era a demolición das terrazas existentes no perímetro das edificacións das vivendas e tendo en conta, que o feito de eliminar estas terrazas e polo tanto, os portais e percorridos peonís á altura da primeira planta, xunto coa posibilidade de instalación das torres dos ascensores polo exterior, algúns xa en funcionamento e a localización dos portais unicamente en planta baixa, facía necesaria a ampliación e novo deseño dos percorridos peonís para conseguir un funcionamento adecuado e o cumprimento da Normativa vixente de Accesibilidade; esta Fase III, vai mais aló e planea unha intervención nas coutas das rúas, propoñendo o rebaixe das mesmas todo o posible, co fin de reducir ao máximo a diferenza de altura entre estas rúas e as rasantes que definen os accesos aos portais; quedan desta maneira portais e locais á altura das rúas ou moi preto do nivel das mesmas, mellorando así os accesos, a iluminación natural e facéndoos máis visibles.

É necesaria ademais a reordenación do sistema de circulación peonil e de vehículos, dando prioridade aos primeiros con beirarrúas mais amplas e facilitando a conexión entre niveis por medio de ramplas e escaleiras que fagan accesible para todos o espazo público.

As zonas de aparcamento planéanse de maneira que faciliten a vida diaria sen supoñer por elo unha apropiación do espazo por parte dos vehículos.

As intervencións que se van levar a cabo nesta Fase III localízanse nas seguinte ámbitos, tramo rúa Noia entre Rúa Sta. Comba e rúa Boiro, tramo Bispo Diego Peláez entre rúa Sta. Comba e avda. de Castelao, e faixa de calzada na rúa Sta. Comba, que quedara fora dos proxectos anteriores.

Os corredores a carón das fachadas cando teñen cotas diferentes as das rúas e beirarrúas contiguas, conéctanse con estas últimas mediante escaleiras e ramplas. Isto facilita o tránsito de persoas con dificultade de mobilidade e por outra banda ofrece a posibilidade dun desprazamento alternativo mais rápido a través das escaleiras.

Nas rúas de sección suficiente planéanse dous carrís e zonas de aparcamento, como no caso de Sta. Comba e Bispo Diego Peláez . No tramo da rúa Noia no que se intervén, mantense un único carril e tamén un espazo reservado para aparcamento. As diferenzas de nivel entre a rasante da beirarrúa e a dos edificios, séguese a solucionar de igual maneira que nas fases anteriores con petos cegos ou varandas metálicas, segundo sexa necesario un traballo de contención ou non.

Destas solucións formais e funcionais, as mais sinxelas son tamén de aplicación nas pequenas prazas que aparecen nos entronques das rúas. Xéranse espazos de estar, de relacionarse, de percorrer, espazos orgánicos con zonas mais íntimas e outras mais abertas, verdes, con poucos elementos de mobiliario xa que se trata de lugares de pequena escala. Utilízanse os mesmos elementos das rúas residencias, na busca dunha unificación de materiais e solucións que se fai singular pola maneira de ocupar o espazo. A sinxeleza e o interese por planeamentos sostíbles conduce a elección dos acabados, procurando no posible que permitan reducir a pegada medioambiental. Polo demais, o traballo mais importante por facer é resolver cada acceso a cada portal, cada local, cada diferenza de nivel de xeito pormenorizado ... Implantar todos as solucións necesarias para facer do barrio un barrio accesible.

A iluminación resólvese con báculos ao longo das beirarrúas, que se fan necesarios pola amplitude da dimensión transversal das seccións, cada un deles con dúas luminarias, unha mais baixa para iluminación de zonas peonís e outra mais elevada para iluminación das zonas de circulación de vehículos. A solución adoptada supón unha importante mellora na calidade da iluminación como se explica mais adiante.

Este proxecto propón unha redefinición das seccións das rúas no ámbito de traballo, melloras dos materiais de acabado, mellora dos sistemas de instalacións, mellora do amoblamento, mellora da accesibilidade, mellora das circulacións e o mais importante mellora da visibilidade de locais e portais coa importante rebaixa de coutas nas rasantes das rúas Sta. Comba e Bispo Diego Peláez, que nesta última consegue que parte da sección de beirarrúas a carón dos portais, quede a pé cha coa beirarrúa e calzada.

Instalacións:

. Instalacións de iluminación:

A iluminación urbana nocturna pode e debe contribuír á mellora da accesibilidade, reordenando mesmo o espazo público a través da clarificación dos usos.

O deseño dos sistemas de iluminación deseñados permiten flexibilidade de uso e requiren un mantemento mínimo.

Os espazos entre edificios presentarán, coas actuacións previstas, unha imaxe diáfana que debe preservarse, limitando os obxectos de mobiliario urbano e instalacións dispostos na urbanización.

Deste modo, os planos de luz superpóñense á urbanización e a colocación de luminarias libérase da rixidez da traza urbana: as luminarias dispóñense de forma que os niveis de iluminación e a uniformidade da luz sexa óptima, minimizando a potencia instalada.

A iluminación debe conciliar a seguridade de peóns e de automobilistas. Por iso, preténdese manter un carácter intimista e de escala de barrio, aínda cando os criterios luminotécnicos regulamentarios sexan ríxidos e esixentes.

As luminarias dispóñense en báculos ou en postes, intentando que os planos de iluminación sexan similares aos das zonas interiores do barrio.

A luminaria non só é un obxecto funcional -proporcionar luz- senón que tamén ten un carácter decorativo -de escultura no espazo público- durante as horas diúrnas. O deseño da luminaria utilizada adáptase ao contexto de forma flexible, interpretando as características e as esixencias dos diferentes ámbitos grazas a unha ampla gama de solucións formais -montaxe en suspensión, brazo a parede, báculo, poste- e de ópticas -viaria, simétrica, asimétrica-, todo iso cun deseño compacto, discreto e amable.

O alumeado deseñado emprega equipos de alta eficiencia enerxética, en xeral mediante o uso de lámpadas tipo LED. Ademais do seu elevado rendemento, os equipos previstos teñen as seguintes vantaxes:

- Elevado número de horas de funcionamento: o fabricante garante 100.000 horas en certas condicións de uso
- Regulación e control incorporados en cada luminaria, de xeito que o propio equipo pode realizar distintas regulacións, elixibles mediante microinterruptores.

Os equipos previstos permiten minimizar o custo económico de explotación e mantemento. Para os usos previstos, a temperatura de cor non será inferior a 3.100 K, e asegúrase un elevado índice de reprodución cromática (IRC>85).

Segundo comentouse, proxéctanse postes de 7 m ou 5 m de altura, segundo os casos, compostos de brazos e luminarias LED de alto rendemento de óptica viaria.

O proxecto de alumeado cumpre o Real Decreto 1890/2008 de 14 de novembro, polo que se aproba Regulamento de eficiencia enerxética en instalacións de alumeado exterior.

Todas as luminarias previstas presentan emisión de fluxo luminoso nulo no seu hemisferio superior.

A instalación de alumado público irá conectada ao cadro eléctrico para o mando e protección dos circuitos de alimentación as luminarias máis próximo, segundo lexislación vixente.

Os circuitos de alumado consisten en cabos con cuberta tipo RV 0,6/1 kV. Instalaranse en execución soterrada baixo tubo. Asemade, disporanse picas de posta a terra de aceiro cobrizado.

A instalación deseñada axústase ao establecido no Regulamento electrotécnico para baixa tensión.

Rede de saneamento. Criterios xerais.

Os criterios que se tiveron en consideración no deseño da rede de pluviais e fecais foron:

- Garantir unha evacuación adecuada ás condicións futuras previstas.
- Evacuar eficazmente os distintos tipos de augas, sen que as conducións interfiran as propiedades privadas.
- Garantir a impermeabilidade e estanquidade dos distintos compoñentes da rede, que evite a contaminación do terreo.
- Evacuación rápida e sen estancamentos das augas usadas no tempo máis curto posible e que sexa compatible coa velocidade máxima aceptable.
- Evacuación capaz de impedir, con certo grado de seguridade, o asolagamento da rede e o conseguinte retroceso.
- A accesibilidade ás distintas partes da rede, permitindo unha adecuada limpeza de tódolos elementos.

A instalación é de tipo separativo, planeando a independencia de residuos ata os pozos colectores municipais existentes no límite de actuación das augas procedentes das recollidas pluviais urbanas e as residuais das actividades industrial, comercial e doméstica. As augas circulan por gravidade, para o que adoptan as pendentas adecuadas nos colectores.

Os novos colectores de saneamento fecal executaranse aproximadamente paralelos ó perfil lonxitudinal da rede actual e do viario; recollerá as augas procedentes das acometidas domiciliarias e de todas aquelas canalizacións que aporte efluentes dos que non se poda garantir a súa orixe exclusivamente atmosférica.

A traza presentará unha profundidade de rede superior á existente co obxecto de asegurar a compatibilidade coas cotas actuais e que non sexa posible un retroceso de augas fétidas en caso de inundación ás edificacións.

Asemade, o proxecto contempla a demolición dos colectores de formigón existentes no ámbito de actuación por colectores de PVC liso.

As tapas dos pozos e arquetas previstas son de fundición dúctil, conforme norma UNE-EN 124. Nos ámbitos onde o solado previsto resólvese mediante uso de lastras as tapas serán cadradas; nestes casos, as correspondentes aos pozos, as tapas serán aparentes cadradas con rexistro abatible circular. Nos ámbitos de calzadas principais as tapas dos pozos serán redondas. Todas as tapas disporán de identificación de servizo.

As rexas para a recollida de augas pluviais superficiais axustaranse ao establecido na Orden VIV/561/2010, de 1 de febreiro, pola que se desenvolve o documento técnico de condicións básicas de accesibilidade e non discriminación para o acceso e utilización dos espazos públicos urbanizados.

Abastecemento de auga. Criterios xerais.

O deseño das infraestruturas para o abastecemento de auga realizouse garantindo tanto salubridade como a facilidade de mantemento e durabilidade das instalacións.

Os destinos da instalación de abastecemento de auga son:

- Abastecemento de auga potable aos edificios e locais.
- Abastecemento de auga as hidrantes de incendios
- Abastecemento de auga as bocas de rega

No proxecto contéplase a substitución dos tubos de fibrocemento existentes no ámbito de actuación por outros de fundición dúctil. No deseño da rede procúrase unha topoloxía en malla, con claves de corte estratéxicamente situadas para xestionar axeitadamente a rede.

Asemade, seguindo o proxecto contempla o reforzo de redes principais auga que atravesan o ámbito, o que redundará nunha mellora sensible no abastecemento de auga non só aos usuarios do barrio, se non tamén aos barrios das inmediacións.

O distribución de redes deseñada permite unha intervención que minimize as afección aos usuarios e os cortes de suministro.

Por outra banda, prevense hidrantes contra incendios en arqueta, aumentando o número das existentes, de xeito que se de cobertura axeitada en materia de instalacións de loita contra incendios ao barrio.

Para manter axeitadamente as condicións de auga nos espazos verdes e para permitir o baldeo e limpeza, instalaráanse bocas de rega en tapas de fundición, conexión DN50. Os tubos de rega previstos son de polietileno PN16, con protección mecánica adicional de tubo polietileno flexible dobre capa.

Abastecemento eléctrico. Criterios xerais.

Substituírase, mellorase ou reformase a rede eléctrica que alimenta as edificacións e servizos urbanos, onde a compañía prestadora do servizo o considere necesario, dotándoa das condicións esixidas pola normativa vixente e tendo en conta as indicacións de compañía.

Aproveitarase para prever canalizacións que permitan soterrar as liñas eléctricas de baixa tensión que actualmente presentan trazado aéreo.

En xeral, no proxecto mantense a situación das arquetas eléctricas, contemplando a súa rehabilitación para dotalas de tapa de fundición, homologada per Compañía eléctrica.

Abastecemento de gas. Criterios xerais.

No proxecto se diseña unha infraestrutura de gas natural que amplía a rede actual, de xeito que todas as edificación existentes no ámbito dispoñan de acceso ao subministro gas.

A rede proxéctase mediante tubo de polietileno, SDR 11, e a acometida a cada portal e DN40.

A organización de servizos contemplada en proxecto pretende minimizar os cortes de subministro e afeccións aos usuarios, mentres se realizan os traballos de tendido de novas redes ou modificacións nas existentes.

Comunicacións. Criterios xerais.

Deséñase unha rede de canalizacións para o servizo de comunicacións que será unitaria e de titularidade pública, onde as compañías prestadoras do servizo trasladen as liñas de trazado aéreo actuais e podan acoller novas redes de alta velocidade -rede de fibra óptica-.

Neste punto, estarase o abeiro da nova ordenanza de uso do subsolo (aprobada polo pleno da Corporación de Santiago de Compostela o 31 de maio de 2012).

O deseño e dimensionamento das canalizacións e dos rexistros realizarase conforme os criterios das compañías prestadoras de servizo, sobredimensionando as necesidades de forma tal que poidan albergar servizos municipais -tales como servizo de comunicación privado, rede de cámaras de videovixianza, control semaforico, etc-.

Así, a rede de comunicacións soterrada esténdese a todo o ámbito, situando arquetas nas inmediacións das infraestruturas soterradas principais das dúas compañías que operan na actualidade no barrio.

Nas inmediacións de cada portal, sitúase unha arqueta de acometida ao edificio, prevista en cumprimento do regulamento de infraestruturas comúns de telecomunicacións.

1.2. MEMORIA CONSTRUTIVA

Demolicións:

O modo de execución das demolicións das terrazas farase de forma ordenada mediante cortes con maquinaria especializada como columnas de perforación P.2000 e motor WEKA DK-32 ou similares para perforacións e discos de diamante (p.e. serras murais do tipo WS-450 ou similares, con seccións de corte de ata 750 mm.) co apoio e auxilio de grúas autopropulsadas de diferentes tonelaxes e lonxitudes de brazo en función do espazo que se dispoña para a súa correcta implantación, así como do volume e pesos das pezas ou bloques a demoler e evacuar, rexeitándose expresamente os sistemas de "colapso" e os de "demolición combinada". Todo iso contribuirá a paliar sobremaneira as vibracións estruturais e a traumatizar o mínimo posible os sistemas estruturais das edificacións de vivendas que han de manterse intactas.

Empregaranse nas demolicións dos diferentes elementos máquinas como os equipos pneumáticos, compresores con martelos pneumáticos e ata martelos e pistoletos eléctricos para demolicións menores.

A evacuación de entullos realizarase co emprego puntual de camiós *dumper* para os elementos máis pesados, así como de colectores de 7 m³ nos demais casos e sempre co mellor tratamento de residuos nos tallos e a evacuación de entullos a vertedoiros autorizados ou a plantas para o seu ulterior reciclado.

Se requirirá do emprego de grupos electrógenos para a xeración de enerxía eléctrica de polo menos 60 kW.

Como tarefa previa as demolicións, realizarase un estudo do terreo, do estado dos distintos elementos, previndo consecuencias negativas posteriores á demolición e que haberían de contrarrestarse, tamén das edificacións lindantes, das súas medianeiras e solucións de consolidación, apeo e protección.

Tomaranse medidas para a neutralización de acometidas das instalacións, protección ou desviación de canalizacións e baleirado de depósitos de acordo coas Compañías subministradoras.

A orde da demolición planearase, eliminando previamente do edificio os elementos que poidan perturbar o desentullado.

Os elementos resistentes demoleranse, en xeral, en orde inverso ao seguido para a súa construción:

- Descendente.
- Alixeirando os niveis de forma simétrica.
- Alixeirando a carga que gravita nos elementos antes de demolelos.
- Contrarrestando e/ou anulando as compoñentes horizontais.
- Apuntalando, en caso necesario, os elementos que o requiran a xuízo da Dirección Facultativa.
- Mantendo en todo momento os apuntalamientos e arriostramientos necesarios, ao obxecto de preservar a estabilidade total dos elementos a demoler.
- Resulta recomendable a contemplación da Norma Tecnolóxica Española NTE-ADD. Así mesmo, para os apeos e apuntalamientos recoméndase tamén a consulta da NTE-EMA: Estructuras de Madeira. Apuntalamientos, así como o Documento Básico DB-SE do Código Técnico da Edificación (CTE).

Realizarase un abasto de perfís metálicos ou de madeira, táboas, correas e taboleiros e elementos auxiliares de enlace para a execución de apuntalamientos e apeos, arriostramientos, etc, por se fora necesario acometer os devanditos traballos nalgunha zona comprometida.

Tamén resultará imprescindible a reordenación do tráfico da zona (coas súas peculiaridades e problemáticas tales como os accesos peonís, os de vehículos de servizo diario, etc.), rúa por rúa, onde se acometan os traballos e iso haberá que facelo en íntima colaboración coa policía municipal quen decidirá en cada caso e momento, de acordo cunha programación común e conxunta con empresa construtora,

dirección facultativa e responsable/s da coordinación de seguridade e saúde en fase de execución.

O proceso de reurbanización das rúas e prazas do ámbito. Solucións:

comezaranse co levantamento da pavimentación existente e, a continuación, a apertura das gabias para a substitución ou modificación das redes de saneamento, recollida de pluviais, abastecemento eléctrico, conducións de gas e telecomunicacións.

Executaranse os desvíos de servizos precisos para o trazado das canalizacións de abastecemento de auga, gas e comunicacións que teñan que ser substituídas, reformadas ou executadas *ex novo*. Tomaranse medidas para asegurar o mantemento dos servizos afectados no proceso de reforma, aceptando agás algún corte puntual.

Os traballos levaranse a cabo por fases co fin de manter de maneira permanente un paso peonil mediante pasarelas ou outros medios axeitados, permitindo o acceso ós portais e locais comerciais durante toda a duración das obras.

Firmes e pavimentos:

Calzada e beirarrúa a nivel:

O paquete de firme en calzadas e beirarrúas resolveuse de idéntica maneira nas zonas nas que as entradas de garaxe son numerosas e polo tanto é obrigado atravesar o espazo peonil cos vehículos.

As partes que o compoñen, este firme de calzada, son as que seguen, empezando dende a máis profunda ata a máis superficial.

Comézase por un estendido, humectación e compactación con compactador do terreo natural, con un grao de compactación mínimo do 95% do proctor modificado.

A continuación para a formación da sub-base utilizarase *zahorra artificial*, con un grao de compactación de polo menos un 95% do *proctor* modificado.

A zahorra utilizada terá a seguinte calidade, fusos ZA(40)/ZA(25), en capas de base de 20 cm. de espesor, estendida e compactada.

A base firme de formigón HA-25/P/20/I, de 15 cm. de espesor, estará armada con fibras de polipropileno e maia electrosoldada de aceiro corrugado B 500 T de D=5 mm. en cuadrícula 15x15 cm. segundo norma EHE-08 y CTE-SE-A., con acabado superficial fratasado a mano

O pavimento será de lastras prefabricadas de formigón bicapa de color gris, de forma rectangular de 20x10x8 cm. canto vivo, colocado sobre cama de morteiro, rasanteada, de 5/6 cm. de espesor, deixando entre eles una xunta de separación de 2/3 mm. para o seu posterior recheo con area caliza de machaqueo e posterior compactación.

Formando parte do sistema de recollida de augas pluviais, colocarase unha *rigola* (segundo se indica nos planos) de formigón prefabricado color gris, de 15x60x33 cm., sobre cama de formigón HM-20/P/20/I, sentada con morteiro de cemento e rexuntada.

No caso das zonas de uso exclusivamente peonil, o paquete de firme será o mesmo a excepción da base firme de formigón que se substituirá por unha de espesor 10cm. HP-40 e sen armar.

Calzada e beirarrúa a distinto nivel:

Firme rixido para tráfico pesado T2 sobre explanada E1, composto por 20 cm. de zahorra artificial, 15 cm. de grava-cemento e 20 cm. de formigón vibrado HP-45.

Subministro e posta en obra de M.B.C. tipo S-20 en capa intermedia de 5 cm. de espesor, con áridos con desgaste dos ángeles < 25, estendida e compactada, incluída rega asfáltica, filler de aportación e betún.

Subministro e posta en obra de M.B.C. tipo D-12 en capa de rodadura de 5 cm. de espesor, con áridos con desgaste dos ángeles < 25, estendida e compactada, incluída rega asfáltica, filler de aportación e betún.

Reposición de beirarrúas:


Pavimento de baldosa rectangular de formigón similar á existente en zonas de reposición sobre soleira de formigón HM-20/P/20/I, e 10 cm. de espesor, sentada con morteiro de cemento, i/p.p. de xunta de dilatación, leitado e limpeza e pp de bordo.

Vaos peonís e vehiculares: Nas rúas nas que existe unha diferenza de nivel entre as zonas peonís e as de circulación de vehículos, aparece unha peza de delimitación entre ambas, o bordo, coas seguintes características: formigón bicapa, de cor gris, recto, de 12cm.de base e 25 cm. de altura, colocado sobre soleira de formigón HM-20/P/20/I, de 10 cm. de espesor, rexuntado con morteiro.

Tamén nestas zonas xorden os vaos peonís, solucións singulares dentro das beirarrúas para chegar a pé cha á calzada nos puntos indicados para atravesala. Na aresta de conexión coa calzada, colocase un pavimento de lousa de formigón bicapa de cor gris de 20x20 cm. e 8cm de espesor, con un releve cilíndricos tipo botón (16), cumprindo as esixencias de accesibilidade, sobre soleira de formigón HM-20/P/20/I de 10 cm. de espesor, sentada con morteiro de cemento. Complétase o vao con pezas de formigón prefabricado, tipo prisma de GLS, de dimensións 60x40x24/10 cm., especiais para lateral de vao peonil accesible, planos inclinados de vao, bordo e peza de vao bordo prolongación, dereita e esquerda, colocadas sobre soleira de formigón HM-20/P/20/I, de 10 cm. de espesor e rexuntadas.

Nos puntos nos que os vehículos deben acceder á beirarrúa para chegar aos garaxes, a solución dáse mediante tres tipos de pezas; unha peza de paso e dúas de remate da primeira. A rampla fórmase con lousas rectángulas de formigón gris armadas de 60x40x10cm; e acabado superficial liso, sobre soleira de formigón HM-20/P/20/I, de 10 cm. de espesor, sentada sobre morteiro de cemento.

Respecto das pezas de remate, serán curvas de formigón prefabricado, especial para lateral de vao rebaixado para vehículos, con dereita e esquerda, de dimensións 60x40x27cm., colocadas sobre soleira de formigón HM-20/P/20/I, de 10 cm. de espesor.



Ramplas en percorridos peonís resolveranse mediante o paquete de firme de lastro que estamos a utilizar nos casos nos que non existe tránsito de vehículos. Estendido, humectación e compactación con compactador do terreo natural, con un grao de compactación mínimo do 95% do proctor modificado. Sub-base de *zahorra artificial*, con un grao de compactación de polo menos un 95% do *proctor* modificado. A *zahorra* utilizada terá a seguinte calidade, fusos ZA(40)/ZA(25), en capas de 20 cm. de espesor, estendida e compactada.


Base firme de formigón HP-40, de 10 cm. de espesor, segundo norma EHE-08 e CTE-SE-A., con acabado superficial fratasado a mano
Pavimento de lastros prefabricadas de formigón bicapa de color gris, de forma rectangular de 20x10x8cm. de canto vivo, colocado sobre cama de morteiro, rasanteada, de 5/6cm. de espesor, deixando entre eles una xunta de separación de 2/3mm. para o seu posterior recheo con area caliza de machaqueo e posterior compactación.

Escaleiras estarán formadas por chanzos de formigón HA-25/P/20/I con un cono brando e árido de machaqueo seleccionado segundo o acabado desexado, reforzado con fibra de polipropileno e aditivado da masa con pigmentos férricos cuxa resistencia a compresión e flexo tracción son as especificadas pola EHE para un formigón HA-25 dosificado en planta de 25N/mm² ós 28 días. A terminación do árido descuberto xera unha superficie antiesvarante da clase 3 Rd>45.

O selado con resina e o reforzo de armado tridimensional xunto coa dosificación elevada de grava aumentan a resistencia. Os chanzos irán armados con armadura de aceiro corrugada. As dimensións serán pegada e contrapegada 34x16cm.; realizados in situ e con franxa táctil ao comezo e final dos tramos.

O desprendemento de +-o 20% dos áridos mais pequenos nas primeiras fases de uso do pavimento considerase normais e aceptables.

Rúas residenciais: emprégase como elemento de separación dos ámbitos peonís e rodados, nas rúas delimitadas como residenciais así como algúns dos espazos de estancia, resólvense cun elemento vexetal de lonxitude e altura variables, sen superar nunca esta última 1m. Estes xardíns defínense en planta, cun perfil metálico en "L" de aluminio aeroespacial, que funciona como peza de contención sen saír por enriba da rasante, para a formación da liña de encontro entre as superficies pavimentadas e as axardinadas. Este perfil está provisto con canais e ranuras especificamente deseñados para a evacuación das augas sobrantes. As súas dimensións son 9x9cm.



Nas esquinas destes elementos vexetais entre as que se prevea o tránsito de vehículos, colocarase unha peza prismática de formigón gris de dimensións de sólido 60x60x30cm. sobre soleira de formigón HM-20/P/20/I, de 10 cm. de espesor

Muros de contención e petos: nas zona onde concorren planos horizontais a cotas diferentes, faise necesario un elemento de contención que resolva o encontro destes co plano vertical.

Estes muros construíranse en xeral de formigón armado e sobre eles colocárase unha varanda cando sexa preciso pola envergadura do salto de nivel, cumprindo sempre as especificacións da lexislación vixente.

Varandas de aceiro: están formadas por bastidores de maia estendida en rombo, con remates de borde en "U", soldados a montantes verticais de platina de 45x7mm. e pasamáns de tubo de Ø45mm. Todo de aceiro para pintar. Cando as varandas acompañan as rampas e escaleiras adaptadas, ademais do anterior, colócase un segundo pasamáns en cumprimento da lexislación vixente de accesibilidade.

Papeleiras: de forma cilíndrica, tipo Punto 500 de Hess ou de calidade superior, todo elo realizado en aceiro galvanizado lacado, con cubeta interior desmontable, de chapa galvanizada, recibida no pavimento. Peche con chave.

Alcorques: de forma cadrada de 80x80cm, 60 cm de diámetro interior e 8 cm de espesor, formados por catro pezas iguais de formigón prefabricado de cor gris que unha vez unidas aparecen como un único elemento; todo elo apoiado sobre unha soleira de formigón HM-20/P/20/I de 15 cm de espesor.

Vexetación: para resolver o axardinamento do ámbito incluído neste proxecto, utilizouse a seguinte solución:

Árbores en alcorque: nas zonas onde as entradas de vehículos son moi numerosas, substitúense os xardíns lineais por árbores colocados en alcorque e aliñados. Nesta solución, utilizouse un *Pyrus malus*, por ser unha árbore de máis porte que as anteriores, xa que se precisa espazo de paso debaixo das ramas. Decidiuse tamén utilizar un tipo de árbore de folla caduca con floración na primavera e outro de folla perenne con floración de inverno, para aportar colorido á rúa todo o ano e a vez poder seguir o paso das estacións, coa perda da folla e o rebrote.

1.3. EXPROPIACIÓNS

Para a execución das actuacións descritas neste proxecto non son necesarias expropiacións.



1.4. PROPOSTA DO PLAN DE OBRA E PRAZO DE EXECUCIÓN

No anexo recóllese un programa orientativo para a realización da obra.

O prazo de execución proposto é de cinco (5) MESES.

1.5. PRAZO DE GARANTÍA

O prazo de garantía será de UN (1) ANO a partir da data da recepción.

1.6. ORZAMENTOS

O orzamento de execución material da obra ascende a: seiscentos dezaseis mil douscentos un con sesenta e nove céntimos (616.201,69€.)

O orzamento de execución por contrata ascende á cantidade de: oitocentos oitenta e sete mil douscentos sesenta e oito con oitenta e un céntimos(887.268,81 con iva incluído).

1.7. REVISIÓN DE PREZOS

En cumprimento da Lei 30/2007 CONTRATOS DO SECTOR PÚBLICO a revisión de prezos terá lugar cando o contrato fose executado no 20% do seu importe e transcorresen un ano desde a súa adxudicación.

A estes efectos a fórmula a aplicar será á número 12222:

$$K_t = 0,34/0,37 \frac{H_t}{H_0} + 0,26/0,30 \frac{E_t}{E_0} + 0,05/0,05 \frac{C_t}{C_0} + 0,18/0,10 \frac{S_t}{S_0} + 0,02/0,03 \frac{L_t}{L_0} + 0,15$$

1.8. CLASIFICACIÓN DO CONTRATISTA

De acordo co Real Decreto 1098/2001 de 12 de outubro pola que se ditan as normas complementarias para a clasificación de contratistas para as obras do estado ós efectos do cumprimento do disposto no Regulamento Xeral de Contratos das Administracións Públicas, propónse como clasificación do contratista a correspondente ó seguinte grupo e subgrupo:

Grupo G	Subgrupo 6	Categoría E
---------	------------	-------------

1.9. DOCUMENTOS QUE INTEGRAN O PROXECTO

DOC. Nº 1. MEMORIA E ANEXOS

- 1.1. MEMORIA DESCRIPTIVA
- 1.2. MEMORIA CONSTRUCTIVA
- 1.3. EXPROPIACIÓN
- 1.4. PROPOSTAS DO PLAN DE OBRA E PRAZO DE EXECUCIÓN
- 1.5. PRAZO DE GARANTÍA
- 1.6. ORZAMENTO
- 1.7. REVISIÓN DE PREZOS
- 1.8. CLASIFICACIÓN DO CONTRATISTA
- 1.9. DOCUMENTOS QUE INTEGRAN O PROXECTO
- 1.10. DECLARACIÓN DE OBRA COMPLETA

ANEXO 1 ACCESIBILIDADE

ANEXO 2. PLAN DE OBRA

ANEXO 3. XUSTIFICACIÓN DE PREZOS

ANEXO.4. ESTUDO XEOTÉCNICO

ANEXO.5. CONTROL DE CALIDADE

ANEXO.6. XESTIÓN DE RESIDUOS

ANEXO 7. DOSIER DE FOTOGRAFÍAS

DOC. Nº 2. PREGO DE CONDICIÓN DA URBANIZACIÓN

- 2.1. PREGO XERAL
 - CONDICIÓN XERAIS
 - CONDICIÓN FACULTATIVAS
 - CONDICIÓN ECONÓMICO-ADMINISTRATIVAS
 - CONDICIÓN LEGAIS
- 2.2. PREGOS PARTICULARES
 - CONDICIÓN TÉCNICAS
 - XARDINERÍA

DOC. Nº 3. ORZAMENTO

- 3.1. RESUMO ORZAMENTO
- 3.2. MEDICIÓN E PRESUPUESTO
- 3.3. PREZOS DESCOMPOSTOS
- 3.4. PREZOS UNITARIOS

DOC. Nº 4. MEMORIA DE INSTALACIÓN

- 4.1 SANEAMENTO
 - ANEXOS DE CÁLCULO SANEAMENTO
 - ANEXO DE CÁLCULO DE SANEAMENTO PLUVIAL
- 4.2 ABASTECIMIENTO DE AUGA POTABLE
- 4.3 GAS NATURAL
- 4.4 ENERXÍA ELÉCTRICA
- 4.5 COMUNICACIÓN
- 4.6 ALUMEADO PÚBLICO
 - ANEXOS DE CÁLCULO DE ILUMINACIÓN
 - I. CÁLCULO DE ILUMINACIÓN
 - II. CÁLCULOS ELÉCTRICOS ILUMINACIÓN
- 4.7 REDE SEMAFÓRICA E DGT
- 4.8 SOTERRAMENTO DE CONTEDORES DE LIXO E RECICLAXE
- 4.9 CONSIDERACIÓN FINAIS

DOC. Nº 5. ESTUDIO DE SEGURIDADE E SAÚDE

DOC. Nº 6. PLANOS

s Situación

s01 Situación e emprazamento.	e:varias
-------------------------------	----------

ea Estado actual

ea011 Urbanización de superficie. Planta	e:1/300
ea021a Topografía. Zona I. Planta	e:1/200
ea021b Topografía. Zona II. Planta	e:1/200
ea031a Perfís transversais e lonxitudinais. Zona I. Eixe 01	e:varias
ea032a Perfís transversais e lonxitudinais. Zona I. Eixe 04	e:varias
ea033a Perfís transversais e lonxitudinais. Zona I. Eixes 05 e 17	e:varias
ea031b Perfís transversais e lonxitudinais. Zona II. Eixes 13 e 14	e:varias
ea032b Perfís transversais e lonxitudinais. Zona II. Eixes 15, 16 e 18	e:varias
ea041a Instalacións. Zona I. Planta	e:1/200
ea041b Instalacións. Zona II. Planta	e:1/200

er Estado reformado

er011 Urbanización de superficie. Planta nivel de rúa	e:1/300
er021a Replanteo. Zona I	e:1/200
er021b Replanteo. Zona II	e:1/200
er031a Perfís transversais e lonxitudinais. Zona I. Eixe 01	e:varias
er032a Perfís transversais e lonxitudinais. Zona I. Eixe 04	e:varias
er033a Perfís transversais e lonxitudinais. Zona I. Eixes 05 e 17	e:varias
er031b Perfís transversais e lonxitudinais. Zona II. Eixes 13 e 14	e:varias
er032b Perfís transversais e lonxitudinais. Zona II. Eixes 15, 16 e 18	e:varias
er041a Acabados e amoblamento. Zona I	e:1/200
er041b Acabados e amoblamento. Zona II	e:1/200
er051a Sinais e marcas viais. Zona I	e:1/200
er051b Sinais e marcas viais. Zona II	e:1/200
er061a Xardinería. Zona I	e:1/200
er061b Xardinería. Zona II	e:1/200
er071 Detalles. Rúa tipo	e:varias
er072 Detalles. Mobiliario urbano	e:varias
er073 Detalles. Sinalización horizontal	e:varias
er074 Detalles. Sinalización vertical	e:varias
er081a Instalacións. Zona I. Estado final instalacións soterradas.	e:1/200
er081b Instalacións. Zona II. Estado final instalacións soterradas.	e:1/200
er091a Instalacións. Zona I. Evacuación de augas.	e:1/200
er091b Instalacións. Zona II. Evacuación de augas.	e:1/200
er092 Instalacións. Evacuación de augas. Perfís de colectores.	e:1/100
er101a Instalacións. Zona I. Abastecemento de auga.	e:1/200
er101b Instalacións. Zona II. Abastecemento de auga.	e:1/200
er111a Instalacións. Zona I. Subministro eléctrico.	e:1/200
er111b Instalacións. Zona II. Subministro eléctrico.	e:1/200
er121a Instalacións. Zona I. Alumeado público.	e:1/200
er121b Instalacións. Zona II. Alumeado público.	e:1/200
er131a Instalacións. Zona I. Comunicacóns.	e:1/200
er131b Instalacións. Zona II. Comunicacóns.	e:1/200
er141a Instalacións. Zona I. Gas canalizado.	e:1/200
er141b Instalacións. Zona II. Gas canalizado.	e:1/200

1.10. DECLARACIÓN DE OBRA COMPLETA.

Este proxecto refírese a unha obra completa no sentido que se indica no artigo 68 da L.C.A.P. e o 125 del R.G.L.C..

En Santiago de Compostela, agosto de 2015

A handwritten signature in blue ink, consisting of several vertical strokes followed by a horizontal line and a small loop.

As arquitectas,
Cristina Ezcurra de la Iglesia

A handwritten signature in blue ink, featuring a large, sweeping loop on the right side and a series of smaller loops on the left.

Cristina Ouzande Lugo

ANEXO 1. ACCESIBILIDADE

Xustificación das condicións de accesibilidade establecidas pola lexislación vixente.

Terase en conta nesta xustificación e segundo determina a normativa de aplicación, que por tratarse dunha zona urbana consolidada, cando non sexa posible o cumprimento dalgunhas das condicións prescritas, se formularán solucións alternativas que garantan a máxima accesibilidade.

Orde VIV/561/2010, do 1 de febreiro, pola que se desenvolve o documento técnico de condicións básicas de accesibilidade e non discriminación para o acceso e utilización dos espazos públicos urbanizados.

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 1. Obxecto.

1. O proxecto cumpre as condicións básicas de accesibilidade e non discriminación das persoas con minusvalía para o acceso e a utilización dos espazos públicos urbanizados tal e como prevé a disposición final cuarta do Real Decreto 505/2007, do 20 de abril, polo que se aproban as condicións básicas de accesibilidade e non discriminación para o acceso e utilización dos espazos públicos urbanizados e edificacións.

Artigo 2. Ámbito de aplicación.

O ámbito de aplicación do presente proxecto está recollido dentro dos ámbitos de aplicación a que se refire este documento, espazos públicos urbanizados e os elementos que o compoñen, áreas de uso peonil, áreas de estanza, elementos urbanos e itinerarios peonís comprendidos en espazos públicos urbanizados.

CAPÍTULO II

Espazos públicos urbanizados e áreas de uso peonil

Artigo 3. Os espazos públicos urbanizados.

1. Os espazos públicos urbanizados comprenden o conxunto de espazos peonís e vehiculares, de paso ou estanza, que forman parte do dominio público, ou están destinados ao uso público de forma permanente ou temporal.

2. Os espazos públicos urbanizados dentro do ámbito comprendido no proxecto, deseñáronse e construíranse cumprindo coas condicións básicas de accesibilidade e non discriminación das persoas con discapacidade.

Artigo 4. As áreas de uso peonil.

1. Todo espazo público urbanizado destinado ao tránsito ou estanza peonil se denomina área de uso peonil. O proxecto asegura un uso non discriminatorio e o cumprimento das seguintes características en todas as áreas de uso peonil comprendidas neste:

a) Non existen resaltes nin chanzos illados en ningún dos seus puntos.

b) En todo o seu desenvolvemento posúe unha altura libre de paso non inferior a 2,20 m.

c) A pavimentación reunirá as características de deseño e instalación definidas no artigo 11

CAPÍTULO III

Itinerario peonil accesible

Artigo 5. Condicións xerais do itinerario peonil accesible.

1. Nos itinerarios peonís accesibles, habilitáronse as medidas necesarias para que os percorridos dos itinerarios peonís accesibles non resulten en ningún caso discriminatorios, nin pola súa lonxitude, nin por transcorrer fóra das áreas de maior afluencia de persoas, sempre que a configuración física existente o fixo posible.

2. Os itinerarios peonís accesibles cumpren os seguintes requisitos:

a) Discorrerán sempre de xeito lindante ou adxacente á liña de fachada ou elemento horizontal que materialice fisicamente o límite edificado a nivel do chan.

b) En todo o seu desenvolvemento posuirá unha anchura libre de paso non inferior a 1,80m, que garanta o xiro, cruzamento e cambio de dirección das persoas independentemente das súas características ou modo de desprazamento. En zonas puntuais o ancho libre pode quedar reducido a 1,50m. polas condicións físicas existentes.

c) En todo o seu desenvolvemento posúe unha altura libre de paso non inferior a 2,20 m.

d) Non presenta chanzos illados nin resaltes.

e) Os desniveis sálvanse de acordo coas características establecidas nos artigos 14, 15, 16 e 17.

f) A súa pavimentación reunirá as características definidas no artigo 11.

g) A pendente transversal máxima será do 2%.

h) A pendente lonxitudinal máxima será do 6%.

i) En todo o seu desenvolvemento dispón dun nivel mínimo de iluminación de 20 luxes, proxectada de forma homoxénea, evitándose o cegamento.

j) Dispón dunha correcta sinalización e comunicación seguindo as condicións establecidas no capítulo XI.

3. Nas rúas que pola súa morfoloxía, plataforma única de uso mixto, non quedan separados os itinerarios para peóns e vehículos cumprírase o seguinte:

4. Nas plataformas únicas de uso mixto, rúas residenciais, a beirarrúa e a calzada está a un mesmo nivel, tendo sempre prioridade o tránsito peonil. Queda perfectamente diferenciado o itinerario peonil accesible, así como a sinalización vertical de aviso aos vehículos.

5. Garantírase a continuidade dos itinerarios peonís accesibles nos puntos de cruzamento co itinerario vehicular

6. Por tratarse de zonas urbanas consolidadas, e nas condicións previstas pola normativa autonómica, prodúcese estreitamentos puntuais, cunha anchura libre de paso resultante non inferior a 1,50m.

g) A pendente transversal máxima será do 2%.

h) A pendente lonxitudinal máxima será do 6%.

CAPÍTULO IV

Áreas de estancia

Artigo 6. Condicións xerais das áreas de estancia.

1. As áreas de estancia son as partes da área de uso peonil, de perímetro aberto ou pechado, onde se desenvolven unha ou varias actividades (esparexemento, xogos, actividades comerciais, paseo, deporte, etc.), nas que as persoas permanecen durante certo tempo, debéndose asegurar a súa utilización non discriminatoria por parte destas. O proxecto garante o uso non discriminatorio das áreas de estancia.

2. O acceso ás áreas de estancia dende o itinerario peonil accesible cumpre o que segue:

parámetros de ancho e alto de paso, en ningún caso presentase resaltes ou chanzos.

3. Todas as instalacións, actividades e servizos dispoñibles, de tipo fixo ou eventual, nas áreas de estancia están conectadas mediante, polo menos, un itinerario peonil accesible e garanten o seu uso e desfrute de xeito autónomo e seguro por parte de todas as persoas, incluídas as usuarias de axudas técnicas ou produtos de apoio.

4. Non é de aplicación.

5. Non é de aplicación.

6. Non é de aplicación.

7. As persoas con discapacidade que sexan usuarias de cans guía ou cans de asistencia gozarán plenamente do dereito a facer uso dos espazos públicos urbanizados, sen que por esta causa poidan ver limitada a súa liberdade de circulación e acceso.

Artigo 7. Parques e xardíns.

1. Todas as instalacións, actividades e servizos dispoñibles en parques e xardíns están conectadas entre si e cos accesos mediante, polo menos, un itinerario peonil accesible.

2. Non é de aplicación.

3. O mobiliario urbano, cumpre o establecido no capítulo VIII.

4. Deberán preverse áreas de descanso ao longo do itinerario peonil accesible en intervalos non superiores a 50 m.

As áreas de descanso disporán de, polo menos, un banco que reúna as características establecidas no artigo 26.

5. Non é de aplicación

Artigo 8. Sectores de xogos.

Non é de aplicación

Artigo 9. Praias urbanas.

Non é de aplicación

CAPÍTULO V

Elementos de urbanización

Artigo 10. Condicións xerais dos elementos de urbanización.

1. Considéranse elementos comúns de urbanización as pezas, partes e obxectos recoñecibles individualmente que compoñen o espazo público urbanizado de uso peonil, tales como pavimentación, saneamento, rede de sumidoiros, distribución de enerxía eléctrica, gas, redes de telecomunicacións, abastecemento e distribución de augas, iluminación pública, xardinaria, e todas aquelas que materialicen as previsións dos instrumentos de ordenación urbanística.
2. O deseño, colocación e mantemento dos elementos de urbanización que deban situarse en áreas de uso peonil garantirán a seguridade, a accesibilidade, a autonomía e a non discriminación de todas as persoas. Non presentarán cell, ondulacións, ocos, saíntes, nin ángulos vivos que poidan provocar o tropezo das persoas, nin superficies que poidan producir cegamentos.
3. Os elementos de urbanización non invaden o ámbito libre de paso dos itinerarios peonís accesibles.

Artigo 11. Pavimentos.

1. Os pavimentos dos itinerarios peonís accesibles son duros, estable, antiescorregadizo en seco e en mollado, sen pezas nin elementos soltos. A súa colocación e mantemento aseguran a súa continuidade e a inexistencia de resaltes.
